



CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA ESTABLECER AS BASES DO DEPÓSITO TEMPORAL, CUSTODIA E RÉXIME DE USO DE BENS MOBLES DE TITULARIDADE DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA NO CONCELLO DA VEIGA (OURENSE).

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que en virtude do seu nomeamento a través do Decreto 148/2016, do 13 de novembro (Diario Oficial de Galicia número 217, do 14 de novembro) actúa de conformidade coas facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 2/2007, do 28 de marzo, así como o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Doutra parte, Juan Anta Rodríguez, co NIF 34.994.845-T, alcalde do concello da Veiga (Ourense), que en virtude do seu nomeamento na sesión plenaria constitutiva do Concello da Veiga do 13 de xuño de 2015, actúa de acordo cos facultades que lle atribúe o artigo 61.1 letra a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

Ambas as dúas partes, en representación das súas respectivas institucións, recoñécense reciprocamente a capacidade suficiente e necesaria para subscribir este convenio de colaboración.

EXPOÑEN

Primeiro. Que o Estatuto de Autonomía para Galicia atribúelle á Comunidade Autónoma de Galicia, no artigo 27.18, a competencia exclusiva dos arquivos, bibliotecas e museos de interese para Galicia que non sexan de titularidade estatal e, doutro lado, no artigo 31, a competencia plena en materia de planificación, regulación e administración da ensinanza regrada en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades. O desenvolvemento destes mandatos estatutarios confírese á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en virtude do Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Diario Oficial de Galicia núm. 13, do 08.01.2013).

Neste marco, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria creou, mediante Decreto 268/2000, do 2 de novembro (Diario Oficial de Galicia núm. 219, do 13.11.2000), o Museo Pedagóxico de Galicia

páxina 1 de 6





(Mupega) como centro específico destinado a recuperar, salvagardar, estudar, mostrar e difundir todas aquelas expresións pedagóxicas e lingüísticas que poñan de manifesto a variedade e riqueza do patrimonio educativo de Galicia posibilitando, deste xeito, a súa catalogación, sistematización e custodia co fin último de fomentar o estudo da herdanza educativa galega como ben cultural propio digno de recuperación e coñecemento para unha mellor comprensión do presente da ensinanza galega.

É un obxectivo concreto do Mupega a recuperación, conservación, estudo e mostra daquelas producións e bens patrimoniais de interese para a historia da educación e da memoria colectiva da comunidade galega e, a tal fin, está regulamentariamente habilitado para actuar como axente vertebrador e coordinador doutros espazos museísticos de temática educativa existentes en Galicia, sen prexuízo da súa autonomía de funcionamento para a execución e o desenvolvemento de iniciativas conxuntas, así como para propoñerlle á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a subscripción de convenios de colaboración con outras institucións públicas e privadas.

Segundo. Que dende o ano 2003, o Concello da Veiga configurou a Rede Etnográfica Galega como un conxunto de edificacións de alto valor cultural distribuídos polo seu ámbito municipal, que albergan teares, unha forxa ou muíños e fornos comunais onde tradicionalmente se elaboraba o pan. Esta Rede Etnográfica complétase con peculiares actividades didácticas de difusión, xa que é a propia veciñanza a que, de forma voluntaria, da a coñecer aos visitantes as tradicións etnográficas usando e amosando, a tal fin, os aparellos orixinais dos tempos aos que trasladan as súas explicacións. Ademais destas visitas guiadas polas persoas oriúndas, os bens mobles que forman parte destes complexos culturais trasládanse a ferias tradicionais como a “feria de Reigame” que se celebra en Vilanova dos Infantes.

Esta orixinal iniciativa pola que aposta o concello da Veiga é merecedora do apoio institucional autonómico que persegue análogos fins educativos e aconsella a consideración favorable da petición formal que o alcalde dese concello dirixiu a esta consellería mediante un escrito do 25.10.2017 (Rexistro Xeral da Xunta de Galicia 152503/ RX 2626435) no que solicita a cesión temporal dun tear e unha roca de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (descritos no anexo I) así como o seu traslado dende o concello de Viana do Bolo, concello no que actualmente están almacenados os ditos bens.

Terceiro. Que ambas as partes están interesadas en formalizar a colaboración interadministrativa necesaria para constituír o depósito dos bens mobles de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria tendo en conta a firme liña didáctica de base cultural iniciada polo concello da Veiga e o indudable interese para os fins do Mupega, toda vez que constitúe un inigualable escaparate a través do cal poder cumprir o principal fin de difusión de todas aquelas expresións educativas que poñan de manifesto a variedade e a riqueza do patrimonio pedagóxico de Galicia que ten encomendado.

Cuarto. Que o convenio de colaboración interadministrativo, definido no artigo 47 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público como acordo entre dúas Administracións nos que unha delas pon a disposición da outra os recursos necesarios para a consecución de competencias propias ou delegadas, é a canle máis idónea para acadar o maior grao de eficacia e eficiencia dos obxectivos educativos e de difusión cultural que ambas as dúas Administracións teñen encomendados.





De conformidade co exposto, ambas as dúas partes acordan asinar un convenio de colaboración ao abeiro das seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto e localización.

O obxecto do convenio de colaboración é establecer as bases que regularán o depósito temporal, a custodia e o réxime de uso dos bens descritos no Anexo I, que son de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e están incluído nos fondos do Mupega.

Os bens descritos no anexo I deste convenio de colaboración depositarase no Museo do Liño sen prexuízo do seu eventual traslado á feira tradicional de Reigame (Vilanova dos Infantes) ou outras feiras de igual carácter. O cambio permanente de localización dos bens descritos no anexo I requirirá da autorización previa e expresa do Mupega.

Segunda. Desenvolvemento das actuacións a realizar polas partes.

1. Entrega dos bens. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través do Mupega, entregará en depósito os bens descritos no anexo I deste convenio de colaboración ao concello da Veiga.

Para estes efectos, levantarase a correspondente acta de depósito en presenza da persoa titular da dirección do Mupega e o alcalde do Concello da Veiga ou persoas nas que deleguen a sinatura, que asinarán a acta con expresa mención do dito acto de delegación no seu caso.

Os bens descritos no anexo I serán embalados e trasladados con persoal de empresas especializadas, con cargo aos orzamentos do Concello da Veiga, dende a actual localización no concello de Viana do Bolo ata o Museo do Liño, situado na parroquia de Requeixo do concello da Veiga (Ourense). As condicións dos medios e métodos de embalaxe e transporte dos bens por parte do concello, tanto na entrega como na súa devolución, deberán comunicarse con carácter previo ao Mupega, quen poderá esixir condicións de protección máis reforzadas.

2. Deber de custodia e mantemento. O Concello da Veiga asume o deber de custodia e mantemento dos bens depositados durante toda a vixencia do convenio de colaboración. Para estes efectos, deberá garantir a aplicación do tratamento técnico e científico máis axeitado para a perfecta conservación, exhibición, acceso público, difusión e custodia dos bens depositados. No caso que os bens necesiten dun tratamento específico de conservación ou restauración, o Concello da Veiga deberá solicitar previamente do Mupega o seu consentimento expreso en base a un informe que fundamente a necesidade e idoneidade do tratamento que se pretenda levar a cabo.

Todos os gastos derivados da custodia, mantemento e conservación nas condicións óptimas para a súa exposición, xa sexan estes xerais ou extraordinarios, correrán a cargo do Concello da Veiga.





Os bens obxecto de depósito deberán situarse en lugares que contén con sistemas de protección ou seguridade as 24 horas do día.

3. Difusión e exposición dos bens que se entregan en depósito. O Concello da Veiga asume o compromiso de exhibir os bens descritos no anexo I deste convenio nos lugares indicados na cláusula primeira do convenio, dentro do marco do funcionamento interno e a programación expositiva da entidade depositaria.

Os bens descritos no anexo I poderán ser fotografados ou gravados mediante calquera tipo de soporte dixital que non menoscabe a integridade dos bens e permítese a reprodución con fins de catalogación ou publicidade pola entidade depositaria durante o tempo de vixencia do convenio de colaboración. A reprodución das imaxes sobre os bens con fins distintos deberá ser previamente autorizada polo Mupega.

4. Réxime de uso. Só poderán usarse os bens depositados para os fins comprendidos neste convenio de colaboración, sendo necesaria a previa autorización expresa do Mupega para calquera uso distinto. O Concello da Veiga comprométese a informar inmediatamente ao Mupega sobre calquera incidencia que afecte aos bens, así como a colaborar coas labores de inspección do estado dos bens que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pode levar a cabo, a través do Mupega, o longo da vixencia do convenio de colaboración.

Terceira. Réxime económico da colaboración.

O Concello da Veiga asume todos os gastos derivados da colaboración obxecto deste convenio sen que poda imputarse aos orzamentos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ningún gasto, que sexa consecuencia directa ou indirecta daquela.

En particular, serán de conta da entidade depositaria os gastos de embalaxe e transporte, tanto da entrega como da devolución dos bens con independencia do motivo que a orixine e dos eventuais traslados para exposicións en feiras que, en calquera caso, realízanse a través de persoal de empresas especializadas. Igualmente, os gastos de custodia e exposición, así como calquera outro gasto de mantemento xeral ou extraordinario que, no seu caso e con orixe en calquera circunstancia, sexa necesario acometer nos bens.

Cuarta. Seguro de responsabilidade.

O Concello da Veiga deberá contar cun seguro de responsabilidade civil que responda dos danos sufridos nos bens en casos de contingencias de roubo, extravío, destrución, deterioro por accidente ou circunstancias similares, e incluír dentro da súa cobertura o valor que indica o anexo I respecto dos bens que se depositan. Polo demais, os bens depositados gozarán do mesmo réxime de protección que o resto das pezas expostas pola entidade depositaria.

O Concello da Veiga remitirá ao Mupega unha copia da póliza deste seguro e o documento que xustifique o seu último pagamento, dentro dos 15 días naturais seguintes á formalización do convenio de colaboración e, en todo caso, antes de proceder ao traslado dos bens obxecto do convenio de colaboración.





Quinta. Difusión da titularidade dos bens.

Na información que figure ao carón dos bens depositados na sala de exposición ou nas exposicións temporais que no seu caso se organicen fóra das dependencias onde se depositan os bens, farase constancia da titularidade dos bens coa indicación: “*Depósito do Museo Pedagóxico de Galicia (MUPEGA)*” xunto coa imaxe corporativa da Xunta de Galicia.

As mesmas indicacións deberán constar nos catálogos e demais publicacións calquera que sexa o formato que utilicen, así como nas páxinas webs nas que figuren reproducións gráficas dos bens depositados.

Sexta. Causas de resolución e efectos de incumprimentos de obrigas derivadas do convenio.

Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen ter acordado a súa prórroga.
- b) O acordo unánime das partes asinantes. As partes poderán denunciar e modificar por mutuo acordo o convenio de colaboración en calquera momento da súa vixencia.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos polas partes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento instando o cumprimento dentro dun determinado prazo. Se logo de transcorrer o dito prazo persiste o incumprimento, procederá a resolución do convenio e restitución dos bens á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- d) Por decisión unilateral do Mupega, mediando solicitude con antelación mínima dun mes.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou nas leis.

En calquera dos anteriores casos de resolución restituíranse os bens á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria consonte as instrucións que dite o Mupega. Para estes efectos, redactarase unha acta de levantamento do depósito en presenza da representación de ambas as partes con expresión da circunstancia que motivou o levantamento así como do estado no que se atopan os bens, todo isto sen prexuízo das responsabilidades derivadas do incumprimento que, no seu caso, tivera lugar.

Sétima. Comisión de avaliación e seguimento.

Constitúese unha Comisión de Seguimento formada polas persoas que designen as partes co obxecto de velar polo seu cumprimento.

As posibles discrepancias que puidesen xurdir na execución ou interpretación deste convenio de colaboración deberán dirimirse no seo da Comisión de Seguimento e, en última instancia, nos Tribunais da orde xurisdiccional Contencioso-Administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia.





Oitava. Transparencia.

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, a entidade acepta e consente a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Novena. Vixencia.

O convenio de colaboración entrará en vigor ao día seguinte dá súa sinatura e terá unha duración de catro anos, agás que sexa denunciado por algunha das partes cunha antelación mínima dun mes. Poderá prorrogarse por períodos anuais mediante a sinatura da correspondente addenda co límite máximo doutros catro anos mais. Ás prórrogas deberán converterse, de forma expresa e por mutuo acordo das partes.

E en proba de conformidade ambas as dúas partes asinan o convenio de colaboración en duplicado exemplar, no lugar e data indicado.

O conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación
Universitaria

Polo concello da Veiga

Román Rodríguez González

Juan Anta Rodríguez





ANEXO I





Nº inventario	Identificación	Estado de conservación	Taxación (1)	Foto
1917	Tear	Regular	550-600€	
PR-2917	Roca	Regular	45-50€	

¹ Non se pon un valor absoluto senón un intervalo porque a estimación está sometida a flutuacións do mercado.

Anexo convenio depósito MUPEGA – Concello A Veiga (Ourense)

